



CONCURSO *BUSCAMOS MASCOTA*

BASES DO CONCURSO

1. Este concurso encádrase dentro das actividades que a FGA está levando a cabo dentro do programa “100 anos de Federación Galega de Atletismo”
2. Poderán participar todos os atletas federados ata a categoría Sub14 (incluída) con ficha en vigor neste 2021 (válida ficha escolar)
3. Cada concursante poderá mandar como máximo ata tres debuxos, malia que só poderá pasar a fase final un deles
4. Utilizarase a folla modelo oficial para mandar as distintas propostas
5. Cada debuxo deberá **ser orixinal**
6. Debe ser de creación libre, valorándose en especial a aparición de elementos alusivos ao Centenario da FGA ou identificativos dela.
7. Na fase final establecerase un xurado composto por un/unha xuíz, un/unha atleta, un adestrador/a, un directivo/a e un/unha representante de club, quenes seleccionarán os 25 mellores debuxos de todos cantos se reciban
8. Os 25 debuxos serán expostos no facebook, twitter e instagran da Federación Galega sendo gañadora ou gañador aquel ou aquela cuxo debuxo obteña o maior número de “me gusta” na suma das tres redes sociais
9. A FGA adoptará a mascota escollida, nos seus logos, cartelería e comunicados dos campionatos das categorías de promoción ata a Sub14.



CONCURSO *BUSCAMOS MASCOTA*

Presentación e data límite das propostas

10. O prazo de presentación será do día 13 de abril ao día 24 de maio de 2021
11. O día 1 de xuño serán colgados as 25 propostas finalistas nas RRSS onde poderán empezar a ser votados ata o día 10 de xuño as 20.00 horas
12. Poderanse enviar as distintas propostas a través dos seguintes medios:
 - Por foto (**deberá ser nítida, clara e de calidade**) ao wsp: 619847195
 - Escaneado a: comunicacion@atletismo.gal indicando en asunto "Concurso buscamos mascota"
 - Por carta postal a: Federación Galega de Atletismo. Complexo Deportivo de Elviña. Avenida de Glasgow, 18. 15008 A Coruña indicando no sobre "Concurso buscamos mascota"
13. Coa participación no presente concurso o/a participante garante ser titular dos dereitos necesarios para ceder á Federación Galega de Atletismo, con carácter exclusivo e gratuíto, a titularidade de todos os dereitos de propiedade intelectual sobre os deseños presentados, os cales poderán ser explotados pola entidade.
14. O nome e a foto do gañador/gañadora aparecerá publicado na Web e Redes Sociais da Federación, recibindo un diploma e unha camiseta de quecemento oficial da selección galega.